

**BASES DE SELECCIÓN DUNHA PERSOA SOCORRISTA
PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO EN PRAIAS 2018****PRIMEIRA: OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é a regulación do proceso de selección e posterior contratación, duna persoa socorrista que será contratada no servizo "Salvamento en Praias" para o exercicio 2018.

Os requisitos esixidos, o salario e duración do contrato son os que se indican na seguinte táboa.

POSTOS A CUBRIR	REQUISITOS ESIXIDOS	SALARIO BRUTO	DURACIÓN CONTRATO
SOCORRISTA	Acreditación da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.	1.161,34	3 meses

SEGUNDA: CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- Ser español/a. Os/as nacionais dos demais Estados membros da U.E. e as persoas extranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódalas persoas aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- Ter 16 anos cumpridos e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión das titulacións esixidas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se opta e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

Non será requisito necesario ser persoa desempregada nin inscrita como demandante de emprego.



TERCEIRA: SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse á Alcaldesa da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, dende o día da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do concello ata o día 22 de xuño de 2018.

Así mesmo as persoas aspirantes achegarán, acompañando a solicitude, orixinal e fotocopia da documentación seguinte, de cara ao seu cotexo no rexistro do Concello:

- DNI
- documento de afiliación á Seguridade Social.
- Titulación esixida ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición da mesma.
- Documentación acreditativa da experiencia profesional (acreditada mediante contratos, nóminas ou certificacións oficiais mais vida laboral actualizada).
- Acreditación da formación que desexen lle sexa valorada na fase de valoración de currículos.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Titulares

Presidenta: Carmen Pérez García

Secretaria: Mari Carmen Chapela González.

Vogais: Santiago Nuñez Paredes, José Martínez Santomé e Juan Luis Piñeiro Pazó

Suplentes:

Presidenta: Marta Santomé Santiago

Secretaria: Ángeles Cabeiro Dopico.

Vogais: Juan Antonio Tomé Cruz, Fernando Alves Malvido e Ángel Paramos Corrales

O tribunal poderá incorporar aos seus traballos asesores/as especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle.



QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

SOCORRISTAS:

1. Valoración de méritos: 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.

1.a. Experiencia profesional. Máximo 2 puntos.

- Por cada mes de experiencia como socorrista0,15 puntos
- Por cada mes de experiencia como patrón/a en servizos de salvamento en espazos naturais.....0,07 puntos

1.b. Formación. Máximo 2 puntos.

- Curso de utilización de desfibrilador externo: 0,40 puntos.
- Título de patrón/a de embarcacións de recreo o superior: 0,40 puntos, patrón/a de navegación básica, 0,20 puntos. Non acumulables.
- Cursos de primeiros auxilios e outra formación directamente relacionada coas función a desenvolver en salvamento acuático: 0,02 puntos por cada 10 horas.

Unicamente serán valorados os méritos alegados e probados no prazo xeral de presentación de solicitudes do proceso selectivo. Non se terán en conta os méritos perfeccionados con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes, nin tampouco aqueles méritos que estean incluídos no título esixido como parte del, independentemente da súa carga horaria, senón soamente os que se achegan como título independente (Exemplo: Non se valorará como curso de primeiros auxilios a carga horaria que se acredita no título de socorrista, pero, si se valorará un curso de primeiros auxilios independente e que se axuste ao establecido nestas bases).

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a súa puntuación non será superior a 4 puntos.

2. Proba práctica: 60% da puntuación. Máximo 6 puntos.

Realización dunha proba física no mar. Posición de partida: de pe. Despois do sinal: 200 metros de carreira pola area, logo entrada na auga e realizar 100 metros de nado libre. Durante a proba práctica permitírase o uso de traxe de neopreno. Non se permite o uso de aletas, nin de man nin de pe. Non se permite o uso de ningún outro elemento de impulso.

O tempo contarase a partires da primeira persoa aspirante en pasar pola meta, que obterá a puntuación máxima de 6 puntos. A partires da primeira persoa aspirante as puntuacións serán as seguintes:

Tempo /homes	Puntos	Tempo/ mulleres	Puntos
+0'10"	5,50	+0'40"	5,50
+0'20"	5,00	+0,50"	5,00
+0'30"	4,50	+1'00"	4,50
+0'40"	4,00	+1'10"	4,00
+0'50"	3,50	+1,20"	3,50
+1'00"	3,00	+1'30"	3,00
+1'10"	2,50	+1'40"	2,50
+1'20"	2,00	+1'50"	2,00
+1'30"	1,50	+2'00"	1,50
+1,40"	1,00	+2,10"	1,00
+1,50"	0,50	+2,20"	0,50
Maior tempo	0,00	Maior tempo	0,00



A proba práctica ten carácter eliminatorio. Consideraranse excluídas do proceso selectivo as persoas candidatas que non consigan completar a proba.

Mediante estas dúas probas as persoas candidatas poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse as persoas candidatas que maior puntuación acaden.

En caso de empate entre as persoas candidatas a calquera posto de traballo, decidírase a selección outorgando preferencia aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

1. Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia.
2. Persoas menores de 30 anos, en especial as demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
3. Persoas desempregadas de longa duración.
4. Persoas con discapacidade.
5. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
6. Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
7. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias do RISGA.

En caso de persistir o empate trala aplicación dos criterios anteriores consideraríase seleccionada a persoa candidata con máis antigüidade como demandante de emprego segundo datos da oficina de emprego.

SEXTA: LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Unha vez rematado o proceso selectivo elaborárase unha listaxe de persoas candidatas á contratación, ordenadas segundo a puntuación que obtiveran no proceso de selección, de maior a menor. Considerarase seleccionada a persoa que obteña a maior puntuación.

O tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

A listaxe de persoas candidatas, pola súa orde de puntuación, poderá ser utilizada tamén para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

SETIMA: PRAZOS.

Prazo xeral de presentación de solicitudes: Dende a publicación das bases ata o día 22 de xuño.

Listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as e valoración provisional de méritos: Día 25 de xuño

Alegacións á lista de admitidos/as e excluídos/as e valoración provisional de méritos: día 26 de xuño.



Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, valoración definitiva de méritos e realización das probas prácticas: Día 27 de xuño

Ás 9:00 horas publicarase a listaxe definitiva de admitidos e excluídos e a valoración definitiva de méritos, así como a hora e lugar da realización da proba práctica, que se realizará ese mesmo día.

Publicación dos resultados provisionais: Día 28 de xuño ás 9:00 horas.

Período de alegacións aos resultados provisionais: Días 28 e 29 de xuño de 9:00 a 14:00 horas.

Publicación dos resultados definitivos: Día 29 de xuño ás 14:30 horas.

OITAVA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Moaña www.concellodemoana.org

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Legislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do Tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

Moaña, 11 de xuño de 2018.

A ALCALDESA

Asdo. Leticia Santos Paz.

As presentes bases foron aprobadas mediante acordo da Xunta Municipal de Gobeno de data 11.06.2018.



**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL.
SALVAMENTO EN PRAIAS 2018.**

SOCORRISTA

D. _____ con DNI nº _____
domicilio en _____ e Tfno. _____

DECLARA:

1º) Que é persoa interesada no posto de traballo de socorrista e reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos nas bases e convocatoria do proceso de selección do persoal que formará parte do servizo "Salvamento en Praias" no ano 2018.

2º) Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo e que non padece enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes a este posto.

3º) Que non está separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se atopa inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin está incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinan as disposicións vixentes.

En vista do anterior.

SOLICITA:

Poder participar no proceso de selección de socorristas do servizo "Salvamento en Praias" do Concello de Moaña para o ano 2018

Moaña, de de 2018

Asdo.....

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE MOAÑA.